# OS BAÑISTAS SEGUEN A UTILIZAR A MAIORÍA DAS PRAIAS CONTAMINADAS DE GALICIA

## Os farmacéuticos inspectores, encargados da vixilancia sanitaria, advirten dos posibles riscos para a saúde

Tras a publicación do informe da UE sobre a calidade das augas das zonas de baño o pasado 25 de maio, as conclusións son claras. España é o terceiro país da UE con mais zonas "non aptas para o baño" cun total de 58 praias contaminadas, das que 32 están en Galicia.

Segundo a normativa actual, as praias nas que se detecte unha calidade de auga insuficiente durante 5 anos, son excluídas automaticamente do censo oficial de zonas de baño. Isto implica a prohibición permanente do baño, e a obriga das autoridades sanitarias de informar aos bañistas desta prohibición, mediante os correspondentes carteis informativos. Igualmente, no caso de verteduras, contaminacións de curta duración ou situacións anómalas, as autoridades sanitarias teñen a obriga de informar á poboación.

Os Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, encargados da vixilancia sanitaria das praias galegas, advirten do risco que supón o baño nestas praias contaminadas, que seguen a ser frecuentadas polos bañistas con total normalidade. Ademais, a maioría destas praias, non contan cos preceptivos carteis que indiquen a prohibición do baño, polo que os usuarios descoñecen os graves riscos aos que están expostos.

Os Farmacéuticos Inspectores, en folga indefinida dende o 18 de maio, para reivindicar melloras na xestión da sanidade ambiental, critican a "pasividade" da Xunta de Galicia na xestión e mellora destas zonas de baño, e desaconsellan o baño en todo caso. Así, o pasado día 1 de xuño, no acto de entrega das bandeiras azuis, que tivo lugar na praia de Bastiagueiros do concello de Oleiros, os inspectores protagonizaron unha entrega simbólica de "bandeiras negras" para as praias con calidade insuficiente, e que, por non estar correctamente sinalizadas, seguen a ser utilizadas habitualmente polos bañistas. As praias consideradas merecedoras destas "bandeiras negras" foron as seguintes:

| **PROVINCIA DE A CORUÑA** | |
|---|---|
| **CONCELLO** | **NOME DA PRAIA** |
| Arteixo | Ría de Barrañán |
| Bergondo | Regueiro |
| Boiro | Peralto |
| Camariñas | Camelle |
| Camariñas | Area da Vila |
| Cee | A Concha |
| Fene | Barallobre |

| | |
|---|---|
| Ferrol | A Cabana |
| Ferrol | Caranza |
| Fisterra | Sardiñeiro |
| Oleiros | Santa Cruz Porto |
| Pontedeume | Centroña |
| Pontedeume | Ver |
| Sada | Delicias |

| **PROVINCIA DE LUGO** | |
|---|---|
| **CONCELLO** | **NOME DA PRAIA** |
| Burela | Penaoural |
| Cospeito | Porto |
| Fonsagrada | Naraxa |
| Monforte de Lemos | Río Cabe |
| Pobra do Brollón | Río Saa |
| Pontenova | Río Eo |
| Quiroga | Conceado |
| Quiroga | Soldón |
| Ribas de Sil | San Clodio |

| **PROVINCIA DE OURENSE** | |
|---|---|
| **CONCELLO** | **NOME DA PRAIA** |
| A Bola | Río Orille (Área Recreativa A Bola) |
| Allariz | Acearrica |
| Os Blancos | Río Eiroa |
| Lobios | Os Baños Riocaldo |
| Ourense | A Chavasqueira |
| Verín | Pazos |
| Verín | Vilela |
| Vilardevós | Río Arzoá |

| **PROVINCIA DE PONTEVEDRA** | |
|---|---|
| **CONCELLO** | **NOME DA PRAIA** |
| Bueu | Banda do Río |
| Bueu | Agrelo |
| Mondariz | O Val |
| Ponteareas | As Partidas |
| Pontevedra | Rio Lerez |
| Redondela | Arealonga |
| Redondela | Cabanas |
| Ribadumia | Pontearnelas |
| Sanxenxo | Nanín |
| Valga | Vilarello |